



## ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Informática da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **4 de novembro de 2021**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (9/04/2021, 23/06/2021, 20/07/2021, 6/09/2021 e 16/09/2021).
2. O Coordinador informa de que:
  - a. O novo decreto sobre os títulos universitarios oficiais afecta en:
    - i. Permite a Mención Dual.
    - ii. Ofrece programas académicos con Itinerarios Integrados 3+2. Non permite reservar prazas no máster para este alumnado.
    - iii. Permite comezar o máster tendo pendente o TFG.
  - b. Houbo 21 solicitudes válidas e 15 matriculados.
  - c. Publicitouse o máster con campañas en redes sociais.
  - d. Solicitouse participar no EMJM Erasmus Mundus Joint Master.
3. Apróbase por unanimidade delegar no Coordinador a aprobación das solicitudes de matrícula a tempo parcial que cumpran os requisitos administrativos.
4. Ratifícase por asentimento a aprobación das dos solicitudes de matrícula a tempo parcial emitidas.
5. Tras da análise da memoria do Master retírase este punto.
6. Apróbanse por asentimento:
  - a. As cinco solicitudes para recoñecer a materia Prácticas Profesionais por actividade profesional.
  - b. As catro solicitudes de adaptacións e recoñecementos de créditos entre o Plan de Estudos O06M132V01 Máster Universitario en Enxeñaría Informática e o Plan de estudos O06M132V03 Máster Universitario en Enxeñaría Informática.
7. Apróbase por unanimidade o cambio de titor, título e resumo de Traballo de Fin de Máster presentado.
8. Apróbanse por asentimento as asignacións provisionais dos Traballos Fin de Máster e profesorado Titor para o curso 2021/2022.
9. Non hai asuntos de trámite.
10. Non hai queixas nin suxestións.
11. Interven ven varios membros preguntando cando as comisións serán presenciais.